



## ÉXITO DA ASESORÍA XURÍDICA DE ANPE GALICIA

**A asesoría xurídica de ANPE Galicia consegue a primeira devolución no tema da extinta mutualidade de primaria.**

A asesoría xurídica de ANPE Galicia, á fronte da cal está o avogado Don Francisco Javier Felípez Pérez, conseguiu que, **por primeira vez, a Axencia Tributaria acceda á devolución a unha Mestra xubilada, da parte correspondente das achegas relacionadas á extinta Mutualidade Nacional de Ensino Primario anteriores ao ano 1978 e que non puideron ser deducidas no seu día nas declaracións de IRPF.** Ata o de agora, a Axencia Tributaria só accedera a levar a cabo ditas devolucions a aqueles xubilados que fixeran achegas a mutualidades de natureza laboral, facendo unha interpretación restritiva da aplicación da Disposición Transitoria Segunda da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e da Sentenza da Sección 2º da Sala do contencioso - administrativo do Tribunal Supremo nº 255/2023, de data 28/02/2023, relativa aos mutualistas da extinta mutualidade de banca, pero agora accedeu a facer a devolución de parte daquelas achegas non deducidas realizadas a unha antiga mutualidade de natureza funcional, como era a Mutualidade Nacional de Ensino Primario. O recoñecemento levouse a cabo en relación coa prestación de xubilación que a mestra xubilada percibe do Fondo Especial de MUFACE, xa que esta seguiu facendo achegas ao devandito fondo ata a data de xubilación. Con todo, **desde a asesoría xurídica de ANPE, considérase que debe recoñecerse o dereito á devolución da parte correspondente das cotas realizadas á mencionada Mutualidade con anterioridade ao ano 1978 a todos os antigos mutualistas, con independencia de que continuasen facendo ditas achegas ata o momento da súa xubilación ou non, e sobre a contía total da prestación por xubilación, polo que levará a cabo as accións necesarias para conseguir o devandito recoñecemento.**

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2024.